



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA MESTRE/A DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SANTA ISABEL V

José Pardo Lombao, alcalde-presidente do Concello de Outeiro de Rei (Lugo).

EXPOÑO:

Mediante resolución notificada a este concello o día 03/10/ 2023 pola Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Lugo, acordouse outorgar unha subvención por importe de 531.046,2 € ao Concello de Outeiro de Rei para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado *Santa Isabel V* que está a desenvolverse actualmente nos municipios de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito.

O obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V* é un programa mixto de formación e emprego promovido polos Concellos de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito, dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou de interese social.

A posta en marcha deste obradoiro foi solicitada polo Concello de Outeiro de Rei ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023). Para elo, o día 16/05/2023 asinouse un convenio de colaboración entre os citados concellos para a solicitude conxunta da referida axuda á Xunta de Galicia, correspondendo ao Concello de Outeiro de Rei a realización das actuacións administrativas necesarias para a correcta xestión da solicitude de axuda do obradoiro de emprego así coma a xustificación do investimento, asumindo a representación perante a Xunta de Galicia e no grupo de traballo da totalidade dos concellos asinantes; igualmente, o Concello de Outeiro de Rei asumiu a través do citado convenio a tramitación dos expedientes de selección e contratación de *alumn@s-traballador@s* e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto para o desenvolvemento do programa a través dun procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Con data 25/10/2023 ditouse resolución da alcaldía (decreto núm. 2023-0509) para iniciar expediente de selección para a contratación laboral temporal de alumnado-traballador e con data 11/10/2023 (decreto núm. 2023-0486) para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de Emprego *Santa Isabel V* quedando pendente a convocatoria e bases correspondentes á selección dun/ha mestre/a de educación de compensatoria.

En cumprimento do establecido na convocatoria reguladora da subvención acadada non se poderá formalizar a contratación do persoal formador con anterioridade a que as persoas seleccionadas sexan validadas polo persoal técnico da xefatura territorial. Igualmente, quedarán supeditadas todas as contratacións previstas a calquera imprevisto que poida xurdir que faga inviable a realización do obradoiro dual de emprego ou mesmo a súa continuidade.

Considerando as facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro: Iníciase expediente de selección para a contratación laboral temporal dun/ha MESTRE/A DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA para o Obradoiro Dual de Emprego *Santa Isabel V*.





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Segundo: Nomear como membros integrantes do tribunal de selección a:

- Presidenta: Cristina Castro Fuentes, secretaria do Concello de Outeiro de Rei.
- Secretaria: M^a Soledad Picón Acal, axente de desenvolvemento local do Concello de Outeiro de Rei.
- Vogais: Blanca Arrojo Farelo, traballadora social do Concello de Outeiro de Rei; Gloria M. Trigo Mayor, arquitecta do Concello de Outeiro de Rei; Isabel M^a Pernas Sánchez, interventora do Concello de Outeiro de Rei.

As persoas membros do tribunal terán dereito á percepción das indemnizacións por asistencia previstas no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

Terceiro: Expóñase o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello, tanto virtual como físico, ata o día seguinte ao da finalización das probas selectivas dando traslado do mesmo ás oficinas de emprego Lugo Sur e de Vilalba para ser exposto nos seus taboleiros de anuncios. Igualmente, trasladar este acordo ao Concello de Castro de Rei e ao Concello de Cospeito para a súa exposición nos seus súas respectivos taboleiros de edictos municipais.

Cuarto: Fixar as seguintes bases para a selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro dual de Emprego *Santa Isabel V*.





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SANTA ISABEL V - CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Primeira .- Obxecto

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 12 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción Empleo e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria que participará no obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V*, promovido polo Concello de Outeiro de Rei e subvencionado pola Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade.

Posto convocado: **1 posto de mestre/a de educación compensatoria**

Segunda.- Características do contrato de traballo

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter temporal, cunha duración de tres meses e será subscrito baixo a modalidade de contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (modelo 405) a media xornada. A retribución bruta mensual é de 849,38 €/mes (incluída a prorrata da paga extra).

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

Terceira.- Funcións do posto de traballo

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará as accións formativas a desenvolver no obradoiro cos docentes encargándose da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria nin de Graduado Escolar organizando programas específicos coa finalidade de proporcionarlles unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguir os seus estudos nos distintos ensinos.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico-tecnolóxico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación que se determine.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma ademais da redacción das actas e exames.
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección.
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartir orientación e inserción laboral do alumnado durante o proxecto (en coordinación coa dirección do obradoiro).

Cuartá.- Requisitos das persoas aspirantes

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- Acreditación coñecemento Lingua Galega: Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente (soamente se consideraran as titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e/ou expedidos pola Consellería competente en materia educativa) ou superar unha proba determinada polo tribunal a realizar o día da selección.
- Nivel académico: Grao de Mestre/a en Educación Primaria ou titulación equivalente.

En todo caso, as persoas interesadas no procedemento deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego debendo acreditar dita capacidade docente ante o tribunal de selección.

Quinta.- Baremo

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

- I) Experiencia profesional/docente:
- ✓ Experiencia profesional en funcións similares en obradoiros de emprego, escolas obradoiro, casas de oficios, coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos.
 - ✓ Experiencia profesional en funcións similares exceptuando a obtida en obradoiros de emprego escolas obradoiro, casas de oficios e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,05 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ No caso de traballador/a por conta allea: certificación actualizada de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- ✓ No caso de traballadores/as autónomo/as: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE. O tribunal poderá esixir documentación complementaria para acreditar a natureza dos traballos realizados.
- ✓ No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima no apartado de experiencia profesional/docente é de **6 puntos**.

II) Formación académica/cursos realizados:

Titulacións complementarias

Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que dita titulación complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

- ✓ Licenciatura ou grao: 1,25 puntos
- ✓ Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos
- ✓ Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- ✓ Doutoramento: 1,25 puntos

Cursos

- ✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 20 h.: 0,10 puntos
- ✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 50 h.: 0,25 puntos
- ✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 100 h.: 0,50 puntos
- ✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 300 h.: 0,60 puntos

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración. A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuará.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado de formación/cursos será de 3,00 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse nestes apartados será de 9,00 puntos.





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Sexta.- Oferta de emprego

Aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na oficina de emprego Lugo Sur, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- Ámbito xeográfico: Concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as. Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública
- Número de postos: 1
- Número de candidatos a remitir: 3 candidatos por posto, na medida do posible
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Grado de Mestre/a en Educación Primaria ou titulación equivalente
- Requisitos: segundo as bases

A oficina de emprego remitirá ao tribunal de selección a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe comunicarase ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia cotexada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar á comisión de valoración.

Sétima- Procedemento de selección

A actividade selectiva consistirá na realización da valoración dos méritos achegados polas persoas convocadas.

Para a baremación de méritos e de conformidade co previsto na base 5ª, as persoas candidatas deberán comparecer provistas da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal cualificador.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 9 puntos.

Finalizada a valoración, o tribunal de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións obtidas da valoración de méritos que determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Os criterios para dirimir os posibles empates de puntuación obtidas por dúas ou máis persoas candidatas nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado/a (dende o último emprego desenvolto segundo Informe de Vida Laboral actual expedido pola Tesouraría da Seguridade Social)
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade

O tribunal de selección asinará a acta de todo o actuado; un exemplar será exposto na entidade promotora, outro será remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Lugo e igualmente aos Concellos asociados ao proxecto, para a súa publicación.

Oitava.- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo tribunal de selección atendendo ás puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases. A tal efecto, a persoa seleccionada deberá presentar no Concello de Outeiro de Rei e no prazo máximo de dous días hábiles a contar desde a data de comunicación da resolución pola que se traslada a condición de seleccionado/a a seguinte documentación:

- DNI
- Tarxeta da seguridade social, si se posúe.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desempeño do posto de traballo.
- 1 fotografía tamaño carné.
- Certificado expedido polo Concello de Outeiro de Rei de estar ao día nas obrigas tributarias co Concello.
- Declaración xurada de non atoparse ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Orixinais ou copias cotexadas, no caso de non estar presentados con anterioridade, da





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

documentación requirida para optar ao posto e dos méritos alegados.

- Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

Non obstante ao anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal de selección propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Novena.- Incidencias e reclamacións

Realizado o proceso selectivo, a secretaria do tribunal levantará acta do actuado, incluíndo proposta de selección dirixida ao Alcalde do Concello. Dita acta exporase na sede electrónica do Concello e os solicitantes terán un prazo de dous (2) días naturais para a presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo sen reclamacións, a lista entenderase elevada automaticamente a definitiva; no suposto de producirse serán contestadas no prazo máximo de dous (2) días debendo ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarse no prazo máximo de dous (2) días a acta definitiva.

Paralelamente remitirase á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Lugo que verificará que a persoa proposta cumpre os requisitos necesarios para participar no proxecto; de non ser así, o comunicará á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Décima.- Recursos

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo a que se refiren as presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados/as nos casos, termos e formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

En Outeiro de Rei,

Asdo. dixitalmente: O alcalde
José Pardo Lombao

Asdo. dixitalmente: A secretaria
Cristina Castro Fuentes

